



RESOLUCIÓN REITORAL SOBRE DEVOLUCIÓN DE TAXAS POR ANULACIÓN DE MATRÍCULA COMO CONSECUENCIA DUN CAMBIO DE TITULACIÓN NA UDC

O artigo 8 da Normativa de Xestión Académica para o curso 2025/26, aprobada por Resolución reitoral do 25-06-2025, establece que a anulación de matrícula pode darse por petición do interesado e que non orixinará a devolución dos prezos xa pagados correspondentes á tarifa 3ª do decreto de taxas e aos seguros.

Esta redacción supón que o interesado, libremente, pode decidir anular a súa matrícula, e que esta decisión non permite a devolución dunha parte do pago. Con todo, debe terse en conta que, en ocasións, a decisión de anular unha matrícula, aínda que voluntaria, vén dada, non porque o alumno non queira estudar na UDC, senón porque o alumno quere cambiar os seus estudos dentro da mesma Universidade, ben porque estaba a cursar en anos anteriores uns estudos e, a pesar de matricularse neles para este curso académico, quere abandonalos para iniciar outros, ou ben porque foi admitido nuns estudos neste curso académico e, tras matricularse, foi admitido noutros estudos neste mesmo ano.

Nos dous supostos, poden darse dúas posibilidades: que o alumno non pague inicialmente a matrícula na nova titulación ou que si que a pague.

No primeiro caso, o importe total que pagou o alumno cando fixo a matrícula nos estudos que abandona, compensárase, na súa totalidade, sobre o importe que tería que pagar nos novos estudos, de modo que tamén son obxecto de compensación os prezos pagados pola tarifa 3ª do decreto de taxas e polos seguros. Esta compensación non resulta moi diferente dunha devolución “indirecta”, xa que, aínda que non se devolve efectivamente o diñeiro ao interesado, este non ten que volver desembolsar a cantidade xa pagada, que se resta do importe que ten que pagar na súa nova matrícula.

No segundo suposto, con todo, aínda que non é posible a compensación indicada anteriormente, resulta evidente que o resultado final ten que ser o mesmo, é dicir, que todo o importe pagado na anterior matrícula debería ser considerado como pagado nos novos estudos, e se a persoa interesada non ten xa ningún importe pendente de pagar, habería que levar a cabo, en lugar dunha devolución “indirecta” imposible de aplicar, unha devolución “directa”, pola que se lle devolva a totalidade do importe pagado na súa primeira matrícula, ou o importe correspondente, incluídas as contías da tarifa 3ª do decreto de taxas e dos seguros.

Polo que, de conformidade con todo o indicado,

RESOLVO:

Que as persoas que anulen a súa matrícula do curso 2025/26 nuns estudos da UDC, como consecuencia de ser admitidos e matricularse nunha titulación diferente desta mesma Universidade, rexeranse, a efectos de devolución e compensación de taxas, polo seguinte réxime:



- Se na titulación inicial e final abonaron a totalidade da matrícula, procede a devolución da totalidade do pagado na matrícula inicial, incluídos os importes da tarifa 3ª do decreto de taxas e dos seguros. O mesmo aplicarase no caso de que na titulación inicial só abonase unha parte (pago fraccionado).
- Se na titulación inicial abonaron a totalidade da matrícula e na final abonaron unha parte (pago fraccionado), compensarase o importe da matrícula inicial na matrícula final nos prazos que falten por pagar e devolverase a totalidade do sobrante. O mesmo aplicarase no caso de que na titulación inicial só abonase unha parte (pago fraccionado).

A Coruña, na data indicada na sinatura dixital

O reitor

Ricardo Cao Abad